

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**749** *Orde APM/26/2018, do 11 de xaneiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

O Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, ten por obxecto establecer as normas básicas e de coordinación do dito programa nacional e a regulación da normativa zootécnica dos animais de raza e équidos rexistrados.

A dita disposición incorpora no seu anexo I o Catálogo oficial de razas de gando de España.

De acordo co artigo 6 do citado real decreto, o recoñecemento, clasificación e incorporación de razas no catálogo oficial realizarase de acordo cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional de Coordinación para a conservación, mellora e fomento de razas gandeiras prevista no artigo 34, que incluirán, en todo caso, a presentación e a análise da documentación da correspondente raza, así como o preceptivo informe desta.

O obxecto desta orde é actualizar o dito anexo, mediante a súa substitución por un novo que incorpora unha raza, unha estirpe, modifica a denominación para catorce razas e cambia de categoría tres razas caprinas e unha ovina de fomento a perigo de extinción, baseándose en propostas que foron admitidas en distintas reunións da citada comisión nacional de coordinación realizadas con posterioridade á publicación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro.

A Comisión Nacional de Coordinación, que tivo lugar o 2 de novembro de 2016, emitiu informe favorable sobre a modificación da denominación das razas ovinas Mallorquina, Roja Mallorquina, Menorquina e Ibicenca por Ovella Mallorquina, Ovella Roja Mallorquina, Ovella Menorquina, Ovella Eivissa; a raza caprina Ibicenca por Eivissa; a raza porcina Negra Mallorquina polo Porc Negre Mallorquí; a raza aviaria Ibicenca por Eivissa; as razas equinas cabalar Mallorquín e Menorquín por Cavall Mallorquí e Cavall Menorquí, a raza equina asnal Balear por Ase Balear e a raza porcina Celta por Porco Celta.

A Comisión Nacional de Coordinación, que tivo lugar o 11 de xullo de 2017, emitiu informe favorable sobre a inclusión da raza aviaria Gallina Extremeña Azul no Catálogo oficial de razas de gando de España, sobre a incorporación da estirpe Cartujana dentro da equina Pura Raza Española e sobre a modificación da denominación da raza aviaria Oca Empordanesa por Oca Empordanesa, a bovina Bruna de los Pireneos por Bruna dels Pirineus e a raza caprina Agrupación de las Mesetas por Cabra de las Mesetas. Así mesmo, emitiu informe favorable sobre o cambio de categoría dentro das razas autóctonas de fomento á categoría de en perigo de extinción das razas caprinas Majorera, Palmera e Tinerfeña e a raza ovina Carranzana.

A presente orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, que faculta o ministro de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, na actualidade ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para modificar, logo de informe da Comisión Nacional de Coordinación, o Catálogo oficial de razas de gando de España previsto no seu anexo I.

Na tramitación da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

Substitúese o anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, relativo ao Catálogo oficial de razas de gando de España polo incluído no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de xaneiro de 2018.—A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.

#### «ANEXO I

##### Catálogo oficial de razas de gando de España

###### 1. Razas autóctonas:

###### a) De fomento:

- 1.º Especie bovina: Asturiana de los Valles, Avileña-Negra Ibérica, Lidia, Morucha, Parda de Montaña, Pirenaica, Retinta e Rubia Galega.
- 2.º Especie ovina: Castellana, Churra, Latxa, Manchega, Merina, Navarra, Ojinegra de Teruel, Rasa Aragonesa e Segureña.
- 3.º Especie caprina: Florida, Malagueña, Murciana-Granadina.
- 4.º Especie porcina: Ibérico, Ibérico (variedad Retinto) e Ibérico (variedad Entrepelado).
- 5.º Especie equina cabalar: Española (con estirpe Cartujana).
- 6.º Especie aviar: Combatiente español.

###### b) En perigo de extinción:

1.º Especie bovina: Albera, Alistana-Sanabresa, Asturiana de la Montaña, Avileña-Negra Ibérica (variedad Bociblanca), Berrenda en Colorado, Berrenda en Negro, Betizu, Blanca Cacereña, Bruna dels Pirineus, Cachena, Caldelá, Canaria, Cárdena Andaluza, Frieiresa, Limiá, Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina, Morucha (variedad Negra), Murciana-Levantina, Negra Andaluza, Pajuna, Pallaresa, Palmera, Pasiega, Sayaguesa, Serrana Negra, Serrana de Teruel, Terreña, Tudanca e Vianesa.

2.º Especie ovina: Alcarreña, Ansotana, Aranesa, Canaria, Canaria de Pelo, Carranzana (con variedades Cara Rubia e Cara Negra), Cartera, Castellana (variedad Negra), Chamarita, Churra Lebrijana, Churra Tensina, Colmenareña, Guirra, Lojeña, Maellana, Manchega (variedad Negra), Merina (variedad Negra), Merina (variedad dos Montes Universales), Merina de Grazalema, Montesina, Ojalada, Ovella Eivissenca, Ovella Galega, Ovella Mallorquina, Ovella Menorquina, Ovella Roja Mallorquina, Palmera, Ropollesa, Roya Bilbilitana, Rubia del Molar, Sasi Ardi, Talaverana, Xalda e Xisqueta.

3.º Especie caprina: Azpi Gorri, Blanca Andaluza ou Serrana, Blanca Celtibérica, Blanca de Rasquera, Bermeya, Cabra de las Mesetas, Cabra Galega, Del Guadarrama, Eivissenca, Majorera, Mallorquina, Moncaína, Negra Serrana, Palmera, Payoya, Pirenaica, Retinta, Tinerfeña e Verata.

4.º Especie porcina: Chato Murciano, EuskalTxerria, Gochu Asturcelta, Ibérico (variedades Torbiscal, Lampiño e Manchado de Jabugo), Negra Canaria, Porco Celta e Porc Negre Mallorquí.

5.º Especie equina cabalar: Asturcón, Burguete, Caballo de Las Retuertas, Caballo de Monte de País Vasco, Cabalo de Pura Raza Galega, Cavall Mallorquí, Cavall Menorquí, Cavall Pirinenc Català, Hispano-Árabe, Hispano-Bretón, Jaca Navarra, Losina, Marismeña, Monchina e Pottoka.

6.º Especie equina asnal: Andaluza, Ase Balear, Asno de las Encartaciones, Catalana, Majorera e Zamorano-Leonés.

7.º Especies aviarías: Andaluza Azul, Euskal Antzara, Euskal Oiloa, Galiña de Mos, Gallina Castellana Negra, Gallina Eivissenca, Gallina Empordanesa, Gallina Extremeña Azul, Gallina del Prat, Gallina Pedresa, Gallina del Sobrarbe, Indio de León, Mallorquina, Menorquina, Murciana, Oca Empordanesa, Pardo de León, Pita Pinta, Penedesenca, Utrerana e Valenciana de Chulilla.

8.º Outras especies: Camello Canario, Conejo Antiguo Pardo Español e Conejo Gigante de España.

2. Razas integradas en España:

a) Especie bovina: Blonda de Aquitania, Charolesa, Fleckvieh, Frisona, Limusina, Parda.

b) Especie ovina: Berrichon du Cher, Charmoise, Fleischschaf, île de France, Landschaff e Merino Precoz.

c) Especie porcina: Duroc, Landrace, Large White e Pietrain.

d) Especie equina cabalar: Árabe, Anglo-Árabe, Pura Sangre Inglés, Trotador Español.

3. Razas da Unión Europea:

a) Especie ovina: Lacaune.

4. Razas de terceiros países:

a) Especie ovina: Assaf.

5. Razas sintéticas españolas:

a) Especie ovina: Salz.

6. Outros équidos rexistrados:

a) Caballo de Deporte Español (CDE).»